

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE XANEIRO DE 2021

Ás 10:30 horas do día 13 de xaneiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste a todos os puntos agás o 7)  
D<sup>a</sup>. Beatriz Domínguez Pereira, por ausencia da Xefa da Área de Recursos Humanos (asiste ao punto 7)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

b) Outorgar un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar os seguintes apartados da parte III do DEUC "Motivos de exclusión":

- Apartado B "*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social*": o licitador indica que SI incumpriu as súas obrigas referidas ao pagamento de impostos e de cotizacións á seguridade social. Lémbrese que esta é unha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP
- Apartado C "*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": non se respondeu ás preguntas "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*" e "*Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*"

c) Non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "*Documentación persoal*", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  3. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
  4. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
  5. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



b) Outorgar un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar os seguintes apartados da parte III do DEUC "Motivos de exclusión":

- Apartado B "*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social*": o licitador indica que SI incumpriu as súas obrigas referidas ao pagamento de impostos e de cotizacións á seguridade social. Lémbrese que esta é unha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP
- Apartado C "*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": non se respondeu ás preguntas "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*" e "*Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*"

### c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
5. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
6. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
7. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
8. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
9. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

b) Outorgar un prazo de tres días a DESMACO, S.L.U. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar os seguintes apartados da parte III do DEUC "Motivos de exclusión":

- Apartado B "*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social*": o licitador indica que SI incumpriu as súas obrigas referidas ao pagamento de impostos e de cotizacións á seguridade social. Lémbrese que esta é unha das prohibicións de contratar previstas no artigo 71 da LCSP
- Apartado C "*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*": non se respondeu ás preguntas "*¿Se encuentra el operador*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*económico en quiebra?" e "Rescisión anticipada, imposición de danos y perjuicios u outras sancións comparables"*

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na estrada da Balsa – Matamá" (645-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

##### c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na Estrada da Venda" (652-441)

Retírase este asunto porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o enxeñeiro técnico en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 23 de decembro de 2020 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

##### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



enxeñeiro técnico en Topografía e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 23 de decembro de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**c) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos formado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial da Área de Fomento e a técnica de Administración Xeral – xefa da Inspección de Tributos o 4 de xaneiro de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

A Mesa acepta, por unanimidade, o citado informe e acorda excluír deste procedemento a INGENIERIA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ("50 % da puntuación máxima da totalidade dos criterios a avaliar por xuízo de valor").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	<b>Licitador</b>	<b>Redución do prezo</b>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	420.202,35 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	423.706,86 €
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	454.000,00 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	475.257,11 €
5	CONSTRUCCIONES OREGA	432.637,71 €
6	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	433.542,11 €
7	EXTRACO, S.A.	423.536,30 €
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	404.884,25 €
9	ORECO, S.A.U.	460.504,25 €
10	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	439.477,17 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Licitador	Redución do prezo
11	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	450.277,33 €
12	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	420.315,40 €

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. Rebeca Platero López de Turiso , con DNI número \*\*.88.75\*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DA CONSTRUCCIÓN, D. Antonio Otero Abraira, con DNI \*\*.21.70\*, en representación de EXTRACO, S.A. e D. Felipe Carrascosa, con DNI \*\*.09.54\*, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	239,220.18 €
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	227,982.57 €
3	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	226,150.00 €
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	257,410.78 €
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	252,572.86 €
6	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	230,207.34 €
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	244,757.78 €
8	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	220,197.05 €
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	243,040.19 €
10	NAROM, S.L.	209,776.03 €
11	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	222,829.78 €
12	ORECO, S.A.U.	273,613.45 €
13	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	241,064.95 €

Asisten á apertura D<sup>a</sup>. Rebeca Platero López de Turiso , con DNI número \*\*.88.75\*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto do servizo de coordinación de seguridade e**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



### saúde das obras do proxecto de "nova grada de marcador do Estadio Municipal de Balaídos" (604-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	ATENEA, S.A.U.	107.866,08 €
2	CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.	124.896,81 €
3	ELETREINTAYUNO	107.979,42 €
4	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	106.438,44 €
5	NORMANSYS, S.L.	101.008,98 €

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Maximino García Sánchez, con DNI \*\*.90.67\*, en representación de CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

### 7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

#### a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal e cargos públicos ao servizo do Concello do Vigo (35.076-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación entrégase o informe asinado pola técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos e a técnica de Administración Xeral do 4 de xaneiro de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade, así como o informe que rectifica o anterior de data 12 de xaneiro de 2020. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
- VIDACAIXA, S.A.U. DE SEGUROS Y REASEGUROS

### 11.- Propostas de adjudicación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €), con sinatura dixital de datas 27 e 28/07/2020 (Expte. 4791/443).*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 07 de outubro de 2020.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.927,17 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9240.632.00.05 (Investimento de mellora no C. Cult. De Valladares), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2020	69,600.00 €
2021	50,980.37 €





Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



TOTAL

120,580.37 €

*Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 73,25%*

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de decembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares” (661-441) na seguinte orde descendente:*

	Licitadores	Puntuación
1	IMPERVELPER, S.L.	94,64
2	LAPATIÁN, S.L.	94,54
3	CONSTRUCCIONES Y DISEÑO LUICON, S.L.U.	87,96
4	CALICANTO OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	84,04
5	CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L.	83,46
6	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	76,81
7	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	69,21

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPERVELPER, S.L. (B-36.428.043), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMPERVELPER, S.L., o día 18 de decembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 5 de xaneiro de 2021, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de xaneiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMPERVELPER, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMPERVELPER, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 17 de decembro de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a IMPERVELPER, S.L. (B-36.428.043) o procedemento aberto para a contratación das obras de "Impermeabilización das cubertas do edificio do centro veciñal e cultural de Valadares" (661-441) por un prezo total de 102.850,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.850,00 euros".*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 05:37	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AC4F-52D433-2CE32E-T49BY3-ZNLULS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		